

**Coñece ó noso equipo: ENCARNACIÓN GONZÁLEZ VÁZQUEZ, Coordinadora do Grupo iMark**

Encarnación González é Licenciada en Ciencias Empresariais e Doutora en Comercialización e Investigación de Mercados pola Universidade de Santiago de Compostela. Catedrática de Marketing pola Universidade de Vigo desde 1997, foi recentemente reelexida Presidenta da Academia Europea de Dirección e Economía da Empresa (AEDEM), institución formada por máis de 600 académicos do mundo universitario de España e distintos países europeos e americanos. Foi Coordinadora de REDUNIRSE pola Universidade de Vigo, membro de diversos comités científicos de congresos, tanto nacionais como internacionais, e na actualidade é membro do Consello Galego de Universidades da Xunta de Galicia.

Actualmente dirixe o grupo I-Mark, que xurdio pola necesidade de integración de diversos profesores universitarios do ámbito do marketing nun mesmo equipo, tendo nun principio numerosas liñas de investigación que aos poucos se foron concentrando en tres liñas principais: Marketing, Marca e Marketing Responsable e Sustentable (Responsabilidade Social Empresarial). Dende a creación de ECOBAS, converteuse nun grupo moi activo que comeza a formar parte de proxectos de investigación a nivel europeo, e participa en distintas accións. Cost que lle están permitindo abrirse novas portas no camiño da investigación. Como IP do grupo, Encarnación é a encargada de dirixir e supervisar todos os proxectos, en moitos dos cales participa de forma activa, contando ademais no seu currículo coa publicación de diversos artigos e capítulos de libros.



**Presentación do número especial da revista 'Energy Economics' cunha selección dos contidos da pasada edición do 'Atlantic Workshop on Energy and Environmental Economics'**

Presentouse o pasado 15 de febreiro durante o Workshop Académico '2017 Developments in Energy Economics', organizado por Economics for Energy e a Asociación Española para a Economía Exnerxética (AEEE).



**O Catedrático de ECOBAS, Xavier Labandeira, participará no próximo informe da ONU sobre cambio climático**

Será un dos expertos internacionais que participará no próximo informe sobre cambio climático elaborado polo IPCC (Intergovernmental Panel on Climate Change) da ONU.



**O Consello Económico e Social de Galicia presenta o informe 'Por unha alianza no sector industrial galego', coordinado polo investigador de ECOBAS Xose H. Vázquez**

O documento, que se presentou o pasado 27 de febreiro, está composto por 50 propostas e na súa elaboración participaron expertos de diversos ámbitos e organismos.



**ECOBAS impulsa a firma da Cátedra Ardán entre a Universidade de Vigo e o Consorcio da Zona Franca**

O Reitor da Universidade de Vigo, Salustiano Mato, e a delegada do Estado no Consorcio da Zona Franca de Vigo (CZVF), Teresa Pedrosa, asinaron o convenio nun acto celebrado o pasado 9 de marzo.

## CONVOCATORIAS ABERTAS E EVENTOS DE INTERESE

### CONVOCATORIAS NACIONAIS E REXIONAIS:

#### MECD – Programa FARO

- Prazo de presentación de solicitudes: ata o 28 de maio de 2018.

#### Fundación BBVA – Premios Fronteiras do Coñecemento

- Prazo de presentación de solicitudes: ata o 28 de xuño de 2018.

### CONVOCATORIAS INTERNACIONAIS:

#### Comisión Europea- Espazo Atlántico

- Obxectivo: Financiar proxectos de cooperación entre 36 rexións atlánticas de cinco países europeos.

- Prazo de presentación de solicitudes: ata o 1 de xuño de 2018.

#### Comisión Europea- Interreg SUDOE

- Obxectivo: Financiar proxectos de cooperación transnacional no suroeste de Europa.

- Prazo de presentación de solicitudes: apertura prevista a principios do 2018.

### EVENTOS DE INTERESE:

21-22 de xuño: *8th Atlantic Workshop on Energy and Environmental Economics* (A Toxa, Pontevedra)

21-22 de xuño: *II Congreso Red Localis* (Ourense)

10-12 de xullo: *XXIII Workshop on Dynamic Macroeconomics* (Soutomaior, Pontevedra)

20-22 de setembro: *Pont Up Store 2018* (Pontevedra)